

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016455	IES Julio Prieto Nespereira	Ourense	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	23

1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. A materia abordarase dende un punto de vista diferente a como viñamos traballando a historia na ESO, obviando o tratamento cronolóxico que se desenvolveu nos catro cursos anteriores e substituíndo por unha estrutura baseada en bloques temáticos que aborden diversos ámbitos da historia contemporánea e que procurarán relacionarse cos principais obxectivos do currículo LOMLOE para a materia. Potenciarase ao traballo autónomo e individual do alumnado e as técnicas propias do traballo dos historiadores e historiadoras, buscando sempre unha aprendizaxe significativa e acorde á madurez que deben ter xa alumnos matriculados no Bacharelato.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5			2	11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		31
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Ideoloxías e utopías	Analizaremos as diferentes ideoloxías que conforman todo o espectro ideolóxico da Idade Contemporánea facendo unha valoración crítica dende a óptica universal dos Dereitos Humanos	12	16	X		
2	Liberdade e democracia	Comprenderemos os procesos históricos que no XIX e no XX levaron á consecución da liberdade e a consolidación dos sistemas democráticos como modelos políticos de referencia nas sociedades actuais. Farase un estudo comparado de casos e unha valoración crítica fronte a outros sistemas políticos contrapostos.	12	16	X		
3	Identidade colectiva e nacionalismos	Valoraremos a importancia do concepto de nación e dos procesos nacionalistas como un elemento clave da configuración das sociedades e entidades políticas na Idade Contemporánea, valorando e respetando os	12	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Identidade colectiva e nacionalismos	sentimentos de pertenza e fomentando un diálogo construtivo ante as confrontacións de carácter nacionalista, con especial atención ao Estado español	12	16	X		
4	Violencia, guerra e xenocidio	Tomaremos conciencia da enorme destrucción tanto material como moral que supuxeron os grandes conflitos da Idade Contemporánea e as enormes consecuencias que tiveron tanto na política como na identidade colectiva das sociedades actuais	12	16		X	
5	Progreso e crises económicas	Faremos un achegamento pormenorizado aos principais aspectos económicos que definen a Idade Contemporánea, centrándonos nos momentos de progreso e prosperidade e no análise das causas das grandes crises e depresións no mundo capitalista. Faremos tamén unha valoración actual da situación da economía global	12	16		X	
6	Muller e roles de xénero	Faremos unha valoración xusta do papel da muller ao longo da Idade Contemporánea e veremos a evolución da problemática da súa discriminación, dominio e submisión ata achegarnos aos principais retos que se están a afrontar nas sociedades actuais.	12	16		X	
7	Desigualdade e reivindicación social	Analizaremos os principais cambios sociais acaecidos na Idade Contemporánea valorando críticamente os procesos de loita e reivindicación de movementos sociais como o movemento obreiro, o ecoloxista, o abolicionista, o estudantil, etc. ata analizar os principais problemas sociais no mundo actual	12	16			X
8	Comportamentos demográficos e modos de vida	Valoraremos a influencia dos cambios demográficos e dos modos de vida na conformación das sociedades actuais así como nos procesos históricos acaecidos na Idade Contemporánea	8	14			X
9	Globalización	Afrontaremos os principais retos globais que ten o mundo no século XXI con especial atención aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible apuntados polas Nacións Unidas.	8	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Ideoloxías e utopías	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Sabe explicar as características básicas dos principais proxectos sociais, políticos e culturais da historia contemporánea así como as correntes historiográficas máis importantes	PE	70
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Recoñece en textos históricos e historiográficos características e discursos identitarios e os valora dun xeito crítico	TI	30
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Sabe valorar e argumentar en textos elaborados por él os elementos que conforman as principais ideoloxías contemporáneas dende unha perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.

UD	Título da UD	Duración
2	Liberdade e democracia	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Valora e coñece os principais problemas relacionados coas transicións democráticas (en especial a española) sabendo analizar as súas eivas pero tamén as importantes achegas que conlevan aprendendo así a respetar e valorar o ordenamento constitucional actual.	PE	70
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Entende as distintas variantes do concepto igualdade, tanto a nivel social, político e económico así como os principais debates ideolóxicos acerca do concepto e as súas derivas a nivel político (revolucións, movemento obreiro, debate sobre o modelo político na guerra fría)		
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Comprende textos políticos fundamentais relacionados coas revolucións liberais, revolucións comunistas, os fascismos, etc entendendo como a loita pola liberdade foi un elemento fundamental en todos eles.	TI	30
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Coñece a través de diversas fontes xornalísticas os principais desafíos do século XXI relacionados coa consecución da democracia e os valores democráticos na sociedades actuais e valora e recoñece a importancia da consecución do Estado de Benestar	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios. - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - humanitaria e a xustiza universal. - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema. - Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.

UD	Título da UD	Duración
3	Identidade colectiva e nacionalismos	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Cofece as bases do movemento nacionalista e a orixe do concepto de nación e as súas variantes.	PE	70
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Cofece as bases do movemento nacionalista e a orixe do concepto de nación e as súas variantes.		
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Sabe valorar dun xeito crítico e xusto os grandes conflitos nacionalistas contemporáneos como o ocorrido na zona dos Balcáns ou outros máis actuais como os conflitos nas repúblicas exsoviéticas, tendo en conta sempre o recoñecemento das vítimas e a xustiza internacional		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Comprende textos e mapas históricos acerca de momentos históricos importantes para o nacionalismo como a loita pola consecución do Estado-nación no XIX ou a loita pola liberdade por parte dos países que alcanzan a descolonización no século XX	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinaos. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías. - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia.

UD	Título da UD	Duración
4	Violencia, guerra e xenocidio	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Coñece as principais causas das revolucións liberais e socialistas así como a súa influencia noutros países e nos movementos contrarrevolucionarios	PE	70
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Coñece os principais motivos de conflitos civís como o ruso, o español, etc e entende as enormes implicacións que ten na conformación da sociedade civil e no debate político e ideolóxico actual, especialmente no caso do noso país.		
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Sabe identificar en textos e mapas os principais conflitos bélicos da Idade Contemporánea así como as súas principais características e acontecementos.	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.

UD	Título da UD	Duración
5	Progreso e crises económicas	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Sabe explicar as características básicas do capitalismo, dos distintos tipos de socialismo e as súas concrecións no modelo soviético e no modelo liberal-democrático occidental, así como os conflitos xenerados pola confrontación dos dous modelos económicos.	PE	70
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Coñece os trazos básicos das revolucións industriais así como as causas que explican as grandes etapas de progreso económico e as grandes crises da época contemporánea manexando fontes históricas básicas	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
6	Muller e roles de xénero	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Valora a marxinación da muller nos diferentes modelos políticos e sociais da Idade Contemporánea	PE	70
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflitividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Coñece a evolución dos modeos de vida e as costumes da muller ao longo da Idade Contemporánea así como as resistencias ao cambio e a loita do movemento feminista a prol dese mesmo cambio.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Elabora biografías sobre as principais figuras protagonistas na loita da muller pola consecución dos seus dereitos individuais e colectivos.	TI	30
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Elabora proxectos nos que deixe ver a súa comprensión de conceptos como patriarcado, roles de xénero, discriminación legal, teito de cristal, etc. valorando a situación actual no noso país na loita pola igualdade e o empoderamento femenino e amosando un compromiso real pola causa feminista		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.

Contidos
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
7	Desigualdade e reivindicación social	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Sabe identificar os grandes cambios sociais acaecidos coas revolucións burguesas e as revolucións socialistas así como as causas de desigualdade que os motivaron.	PE	70
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Sabe diferenciar entre o concepto de igualdade e cidadanía na sociedade de clases burguesa así como na sociedade igualitaria comunista.		
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Coñece as circunstancias sociais que motivan a aparición do movemento obreiro así como as súas principais reivindicacións e métodos de loita durante o XIX e o XX		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Valora a importancia da loita obreira do proletariado na consecución de importantes dereitos fundamentais na democracia e as súas expectativas de cara o futuro, valorando sempre dende o respecto ao ordenamento constitucional	TI	30
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Coñece os principais problemas sociais derivados das sociedades postindustriais e defende e loita pola consecución do estado de benestar a través da defensa das institucións democráticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - Movements sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
8	Comportamentos demográficos e modos de vida	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Comprende a importancia dos medios de transporte como xeneradores de cambio nos ciclos e modos de vida, así como os grandes procesos demográficos relacionado coa Idade Contemporánea	PE	70
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Identifica os principais retos sociais e culturais da globalización nas sociedades contemporáneas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Analiza a través de noticias ou datos estatísticos os principais retos da sociedade actual relacionados cos novos modelos familiares ou os cambios asociados á contracultura e á revolución sexual	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado. - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.

UD	Título da UD	Duración
9	Globalización	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Comprende de xeito básico e xenérico o concepto de globalización e revolución dixital valorando as vantaxes e desvantaxes que xenera nas sociedades e na economía global, así como problema climático asociado a ela.	PE	70
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Sabe identificar os principais problemas sociais e políticos derivados da globalización tales como a aparición de movementos antisistema así como a enorme desigualdade económica no mundo	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Valora críticamente a través de gráficas e textos a idea de progreso no século XXI asociada as crises producidas e a fenómenos e ameazas planetarias asociadas a este progreso		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Coñece os principais obxectivos de desenvolvemento da ONU e amosa conciencia e responsabilidade persoal á hora de afrontar estes retos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía ten que ser variada e axeitada ás características e aos ritmos de aprendizaxe do alumnado, debe ser tamén activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o colaborativo do alumnado, co fin de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia a situacións reais e aos estudos posteriores.

Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan construír os seus propios esquemas explicativos para comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo.

As aulas desenvolveranse combinando unha metodoloxía teórica e práctica ao mesmo tempo. Por unha banda explicaranse en cada tema de xeito teórico polo profesor os aspectos básicos a tratar en cada un dos contidos nos que se divide a unidade didáctica. Por outra banda, fomentárase a comprensión profunda dos diferentes aspectos a través do traballo persoal do alumno sobre contidos do libro de texto, da aula virtual ou proporcionados polo profesor,

con especial atención a documentos históricos que se relacionen cos contidos explicados na aula. Deste xeito o profesor combinará o uso de materias visuais na súa explicación tales como mapas, gráficos, videos, presentacións, etc. que apoiem o contido teórico co uso de metodoloxías máis prácticas e activas do alumnado á hora da asunción dos saberes básicos da materia.

O profesorado deberá buscar situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os contidos dos saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor. Para elo estableceranse debates individuais ou en grupo na aula aproveitando as conmemoracións de días como o da loita contra a violencia de xénero, o día dos dereitos humanos, o día da paz, o día do medio ambiente, o día da muller, etc. Todos eles con contidos moi facilmente relacionables con saberes básicos do currículo nos que se valorará sobre todo a implicación responsable do alumnado así como a implicación activa na participación no debate de aula. Especial importancia terá o mes de marzo, que se procurará facer coincidir co tema "Muller e roles de xénero" aproveitando nos así de diferentes actividades que se poidan facer dende o centro para conmemorar o mes da muller.

Valorarase moito o traballo de investigación histórica con fontes tanto dixitais como documentais, o cal se elaborará tamén en grupos en certos momentos do curso. A idea é orientar aos rapaces na elaboración de traballos de investigación cercanos ao modelo universitario, onde xa fagan textos complexos, con variedade de fontes, cunha redacción persoal e ben argumentada e empregando conceptos máis técnicos da disciplina histórica.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Historia do Mundo Contemporáneo de Baía Edicións. Autores: Xosé Alfeiran e Ana Romero. 2023
Cadernillo de "Proxectos significativos para a construción na longa duración" de Baía Edicións
Curso de Historia do Mundo Contemporáneo da Aula Virtual do IES Prieto Nespereira
Apuntamentos e fotocopias proporcionados polo docente
Material audiovisual (videos divulgativos de Youtube, documentais, películas, etc.)
Portfolio do alumno
Ordenador e pizarra dixital da aula

Procuraremos empregar unha gran diversidade de recursos e materias dependendo da metodoloxía a empregar e procurando ser variados na búsqueda da atención permanente do alumnado.

O libro de texto vai proporcionar aos alumnos os contidos teóricos que precisarán para o desenvolvemento do curso. Pero a distribución das unidades didácticas nesta programación non sigue unha liña cronolóxica, quedando así desligada da distribución cronolóxica que sí nos aparece no libro de texto. Isto obrigará aos alumnos a elaborar os seus apuntamentos en base as unidades didácticas por bloques temáticos que iremos explicando na clase, tendo así que recopilar información do libro de texto ou doutras opcións que o profesor ofrecerá en cada momento a través de material complementario proporcionado en fotocopias ou a través da aula virtual.

O alumnado debe utilizar o seu portafolio de traballo, que será observado polo profesor no caso de consideralo necesario, por exemplo, para actividades escritas que deban ser realizadas fóra da aula. Logo están os recursos que se ofrecen a través da Aula Virtual, utilizada como repositorio de contidos que o profesor actualizará constantemente cos elementos didácticos empregados na aula (videos, textos, enlaces de internet, esquemas, presentacións de fotografías, etc.)

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, e un maior interese dos alumnos pola materia, tentando sempre relacionalos con acontecementos históricos actuais (podcasts de historia, canais de Youtube ou Twitch sobre actualidade política ou histórica)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos para así poder detectar as posibles medidas de atención á diversidade que se teñan que realizar de ser o caso.

A proba inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Consistirá nunha serie de preguntas a resolver e debater na aula que nos permitirán facer un achegamento aos coñecementos básicos e saber tamén o interese xeral que hai na aula polo coñecemento dos contidos dese bloque temático. En base aos seus resultados, decidiremos a necesidade ou non de afondar máis nalgún dos apartados da UD, ben sexa polo especial interese do alumnado ou polo profundo descoñecemento deses saberes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	12	12	12	12	12	12	8	8	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establece o peso orientativo que se lle da aos instrumentos de avaliación e en todas elas o peso da cualificación recae maiormente nas probas escritas, nunha porcentaxe do 70 % do peso da materia.

En canto as táboas de indicadores (comentario de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates, tarefas) pondéranse cun 30% para cada unidade.

Nas probas escritas irá indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. Os exames basearanse nos bloques de contidos e criterios de avaliación especificados para cada unidade didáctica. Dependendo da unidade os exames incluírán textos, imaxes ou mapas para comentar, aínda que a maior importancia se dará a preguntas escritas que terán que elaborar redactando de xeito correcto e relacionando contidos e conceptos aprendidos na unidade.

Tanto nas probas escritas como nos traballos ou outras actividades escritas poderá restarse ata un punto global pola corrección ortográfica.

No tocante á cualificación dos traballos e demais elaboracións empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica. Será importante a entrega dos traballos en tempo e forma indicados, puidendo restar puntuación ou non aceptar o traballo se se entrega fóra do prazo indicado polo profesor e sen unha xustificación clara. No caso dos comentarios de texto que se fagan como traballos a entregar o profesor poderá establecer un tempo para elaboralos na propia aula para evitar posibles problemas de plaxio ou de utilización de IAs para elaborar a redacción. En calquera caso, un traballo de elaboración propia plaxiado total ou parcialmente será calificado como un 0.

A participación activa na aula así como o interese amosado polos contidos a través da participación en debates de aula poderá ser tido en conta ata un 0,5 puntos no apartado de "outros indicadores". Do mesmo xeito se restará un 0,1 por non traer as tarefas diarias mandadas polo profesor como traballo fóra da aula.

Desta maneira os criterios de cualificación quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas: 70%

- outros indicadores (traballos, comentarios, participación na aula, deberes): 30%

A nota da avaliación será o resultado da combinación destes dous instrumentos de avaliación, redondeando cara arriba se o decimal supera o 0,5.

A nota final do curso será unha media da nota das tres avaliacións (redondeo a partir de +0,5), sendo necesario ter unha puntuación de 5 ou superior en cada avaliación para poder superar a materia. Excepcionalmente o alumnado poderá aprobar a materia se ten unha avaliación suspensa cunha nota mínima de 3,5 sempre e cando a media das tres avaliacións sexa superior a 5.

De non superar a materia na avaliación final o alumnado terá dereito a unha convocatoria extraordinaria marcada polo centro, na que se terá que afrontar a unha única proba escrita con todos os contidos do curso na calterá que sacar unha nota de 5 ou superior para dar por superada a materia

Criterios de recuperación:

En canto aos criterios de recuperación determínase un 100% para as probas escritas. Se o profesorado o considera oportuno deberá presentar, obrigatoriamente as actividades de reforzo que se lle entreguen.

Os traballos propostos serán titorizados polo docente para aclarar as dúbidas que se lle presenten ao alumnado e para facer o seguimento da realización do mesmo.

As probas escritas faranse por trimestre, e puntuaranse sobre dez e figurando o seu valor en cada pregunta.

Se o alumno suspende as tres avaliacións, incluso nas recuperacións, non terá dereito a un exame final de tódolos contidos, senón que irá directamente á convocatoria extraordinaria de xuño na que se examinará de contidos de todo o curso nunha única proba escrita.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo a nova lexislación vixente aprobarase un plan de recuperación personalizado para cada un dos alumnos que teña pendente esta materia. Ese plan indicará, entre outras cousas, un seguimento das actividades a realizar, acreditación de información á familia e concreción do currículo e as estratexias metodolóxicas a desenvolver para superar a materia

O traballo do alumno estruturarase en trimestres para os que se facilitará un boletín de actividades nos que se traballarán os contidos mínimos a acadar para unha avaliación positiva na materia.

Realizaranse ademais dúas probas escritas parciais que computarán un 50% da nota final da avaliación. O traballo realizado no boletín contará o outro 50% restante da avaliación global. Para considerarse superada a materia deberá contar cunha nota mínima de 3 en ambos exames parciais.

6. Medidas de atención á diversidade

As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación serviranos tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada alumno.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.
- Colaboración do profesor para resolver dúbidas personalizadas dos alumnos de xeito presencial nalgúns recreos ou de xeito telemático a través de aplicación de mensaxería e audios como Telegram
- Flexibilización do tempo e das preguntas nas probas escritas, no caso de ser necesario, sempre e cando así o valore o profesor en colaboración co equipo de orientación do centro.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial					X			
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X						
ET.6 - Educación emocional e en valores		X		X		X	X	
ET.7 - Igualdade de xénero						X		X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X
ET.3 - Competencia dixital	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	
ET.6 - Educación emocional e en valores	X
ET.7 - Igualdade de xénero	
ET.8 - Creatividade	X

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente. Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

A creatividade tamén se traballará en tódalas unidades, buscando sempre a aproximación do alumnado á materia dun xeito creativo á hora de expoñer ou presentar os seus traballos, así como nos debates na aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro polas rúas de Ourense	Visita ao casco vello da cidade de Ourense e a a lugares que poidan ser de interese según os contidos académicos do presente curso			X
Visita aos museos da cidade	Visita didáctica a posibles exposicións temporais que se leven a cabo nos distintos museos, bibliotecas ou salas de exposicións da cidade.	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensuadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realiza a avaliación inicial
Avalía según os criterios de avaliación da programación
Metodoloxía empregada
Emprega unha grande variedade de recursos
A práctica docente é innovadora

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Demostra coñecemento da materia
Planifica, ensina e avalía
Ofrece posibilidades de recuperación
Revisa a realización das tarefas
Medidas de atención á diversidade
As explicacións son axeitadas ao grupo de clase
Clima de traballo na aula
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
Atende e resolve as dúbidas

Descrición:

A práctica do proceso de ensino-aprendizaxe será valorada polos propios alumnos cun cuestionario entregado polo profesor no que se valorarán cunha serie de rúbricas baseadas nos anteriores indicadores de logro cunha escala de valoración que ira de aceptable, boa a mellorable.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que imparten as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Nas reunións de departamento se analizará o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e poderanse introducir as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
- Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais
- Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
- Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
- Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
- Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
- Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.
- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados